

ACTA 20·02·2018

Asamblea Xeral Escena Galega

DIA: MARTES 20/02/2018

HORA: 11:00 h en primeira convocatoria, 11.30 en segunda

LOCAL: Vicerreitorado Lugo

ASISTEN: Xesús Ron, Carla Capeáns, Esther F. Carrodegua e Belen Pichel e Anxo Manoel.

NON ASISTE: Merce Castro, María Torres e Borja Fernandez, que desculpan a súa ausencia por motivos laborais.

ORDE DO DÍA

1. Resumo de actividade do ano 2017 e estado das contas da asociación.
2. Votación de ingreso da compañía Teatro del Andamio en Escena Galega.
3. Proposta de modificación dos estatutos.
4. Presentación da proposta de regulamento interno da asociación.
5. Proposta de novo modelo de axudas públicas xurdindo do traballo da comisión.
6. Proposta de creación dunha comisión de traballo e seguimento da Feira / Galicia Escena Pro.
7. Rogos e preguntas.

Ao remate de cada punto abrírase unha quenda de preguntas

ACTA DO DÍA

Antes de arrancar, a directiva decide arrancaremos a Asamblea co punto 2: Votación de ingreso da compañía Teatro del Andamio en Escena Galega, para que poida asistir á Asamblea, no caso de ser aceptada, Teatro del Andamio. Logo, seguiremos co punto 5: Proposta de novo modelo de axudas públicas xurdindo do traballo da comisión, para que poida estar Xesús Ron que ten que marchar antes de que remate a Asamblea, e aquí aproveitaremos a presenza de Xesús para falar dun tema xurdido na xuntanza/comisión de novo modelo do CDG nos pasados días.

Agardamos polo Vicerreitor que nos da a Benvida.

E arrancam os Asemblea.

2: Votación ingreso da compañía Teatro del Andamio en Escena Galega

Todos os votos son a favor, polo que ingresa en EG por unanimidade.

5 : Proposta de novo modelo de axudas públicas xurdindo do traballo da comisión

Xesús Ron expón o traballo de proposta par xera un novo modelo de axudas públicas. As compañías xa recibiron o bosquejo da proposta, que é un documento de referencia para que poidamos ter todos, e, en aberto, e que sirva para a negociación coa AGADIC. É un documento permanentemente en construción, pero ten que servir para a interlocución coa administración. Do documento sacado da comisión, dúas compañías fixeron achegas, e tamén expón estas achegar. O que se tratou en xeral é que o modelo actual de axudas que nos fai andar a todos polo mesmo tipo de camiños (moi centrado no tamaño dos proxectos en canto a número de actores e actrices) e trataríase por tanto de abri-lo a diferentes tipos de funcionar, e diferentes tipoloxías de compañías. A partir de aquí Xesús resume a proposta.

O tema das xirar parece xerar algo de confusión, polo que se incide neste tema. Explícase que EG non traballou no que ten que ver con criterios de avaliación e estruturación, é un traballo que haberá que facer na mesa que se formule directamente dende a AGADIC. Explícase que a idea é que as axudas a xira sexan incompatibles coas axudas bianuais e plurianuais, tentando que non se dean cartos por varias vías para o mesmo proxecto. No caso das plurianuais a tres anos, o proxecto non tería que ser so produción, senón mesmo a xira, polo que non tería sentido pedir outra subvención para a xira. Tamén, trataríase de dar aire, para que o plan de continuidade deixe espazo a outras compañías poidan ter mais posibilidade de recibir axuda a xira, é dicir, para non acumular en poucas compañías todas as diferentes modalidades de subvención.

Máis as axudas a xira deben de ser concesión automática ou deben de ter algún criterio? Esta achega tamén se vai ter en conta, e comeza a xurdir a idea de poder facer unha xuntanza na que abordar algunhas propostas como estas.

Fálase, tamén da desaparición de axudas a xira interior. Na proposta tentouse reorganizar os elementos, e polo tanto o que se tenta a xerar é que as plurianuais e de continuidade poidan dalgunha maneira responder a esta función. Se a compañía ten capacidade para xirar dous anos pode adaptarse para este funcionamento deste tipo de compañías. Pero se unha compañía queda fóra das subvencións quedaría fora deste sistema, e de aí a preocupación de algunhas compañías que propoñen que, de non ter subvención, quedarían sen poder ter axudas para a xira.

Xorde a idea de que a modalidade en activo de asistencias a feiras, non sexan so para fora de Galicia, e fálase de poder facer esta modificación para incluír no proxecto.

O plan de actuación é que a partires de agora enviará este documento á AGADIC e despois, trataríase de que a partir de marzo se constituía unha mesa de traballo xunto coa AGADIC, para que en maio poidamos ter acordado un documento final do asumido pola AGADIC, e que se comece a tramitación a partir de xuño, para que de tempo a facer a tramitación, e que a vindeira convocatoria sexa xa co novo modelo.

A reivindicación, tamén, é de que suba o 20% para chegar a 1350.000 euros (agora estamos en 1.1000) e despois proponse unha suba do 5% anual durante 5 anos, para poder pouco a pouco irnos achegando aos números que se barallaban antes da “crise”

Rogos e preguntas – intervencións.

Xoque: Da os parabéns e as grazas. E comenta en primeiro lugar o caso de compañías que polo que sexa non acceden a axudas de produción, xa que el cre que quedarían moi fóra das axudas en xeral. Compañías e espectáculos que quedan fóra e que mesmo poden ter o respaldo do 90% da rede e tamén fóra da rede. Quizais, apunta, os criterios das persoas dos comités están lonxe do dos programadores/as. Entón, se non hai axudas a distribución esas compañías estarían totalmente fóra. Pensar unha maneira de encaixar eses casos. No seu caso, non teñen a puntuación subxectiva: non conseguen entrar nas subvencións pero os programadores si contratan. Polo tanto este tipo de compañía teñen que ter o seu espazo.

Oscar: con respecto ás de exterior, polo tema de aparición de valoración do proxecto de xira, apunta que a fórmula se asemella o do INAEM e dende a súa experiencia a eles

non lles axudan: van a posteriori, son un “regalo”, “se caen” e daquela non son cartos reais manexables a nivel empresarial. O que eles pensan é que tes que saber que esa axuda a vas a ter e non facer a xira sen sabelo de antemán. Se hai que facer unha avaliación e que sexa posteriori, é inviable. Non axudan: non podes facer rebaixa nos prezos: non serve para traballar. O inconvinte de Galicia é xeográfico, polo que a axuda a distribución ten que estar axeitada ás nosas características, e se queremos distribuír con facilidade fóra, temos que contar con esa axuda para poder ser competitivos dende Galicia.

Xesus: opina que no caso das xiras, as axudas non deberían de ser necesarias estruturalmente: se necesitamos as axudas para xirar, algo falla. Temos que ver a planificación da nosa cía, enfocala a traballar fóra é reformular a compañía para que iso sexa posible. As axudas de Galicia cumpren ou deben de cumprir esa función de sobrelevar ese sobre custo, con respecto a Madrid, sobre todo. Pero temos que ter en conta que o tema das subvencións van ir mermando posiblemente e polo que as axudas deberían de axudar a abrir o noso mercado sobre todo ao principio, pero cando nos estabilicemos, e se nos coñeza, o ideal sería non que necesitalo.

Xoque: as axudas a distribución dentro e fora son moi importantes. Axudan porque podes arriscarte a investir se tes distribución, e ao tempo podes reinvestir os propios beneficios, polo que el non centraría as axudas na produción, senón en darlle vida aos proxectos dende a distribución.

Xesus: os cartos investidos en distribución son xa moitos mais que os de produción, apunta, xa que os concellos reciben moitos cartos para pagar ás compañías.

Xoque: apunta que os concellos que non están na RGTA ou na Rede da Coruña, apenas programan ou directamente non programan

Xesús: Insiste en que se dan 3.000.000 euros para distribución a través dos concellos, e aínda máis, porque os concellos poñen tamén cartos claro. As axudas a produción teñen unha cuantía de 600.000 polo que xa se están a dar máis cartos en distribución.

Gema: Fala dos criterios de avaliación. Ela nunca entendeu os criterios subxectivos, polo que apunta: de que maneira se pode facer algún tipo de cambio ou modificación

neste punto? Ela cre que hai que ter máis en conta os criterios obxectivos, e non os subxectivos. Ten que habelos pero non con tanta presenza.

Belén: explica como funcionan os criterios subxectivos. O criterio subxectivo pesa moito, máis pola experiencia que tivemos, a valoración dos membros parece ser bastante igual a todas as persoas do “xurado”. Belén explica que polo que comentara Xoque da súa experiencia o ano pasado si que hai bastante concordancia coas valoracións.

Gema: co tema das campañas escolares, eles intentan facer campaña escolar a un prezo “irrisorio” e cre que nas campañas escolares sería moi importante traballar porque non hai un eixo sobre o que apoiarse.

Belén: insiste en que non se poden poñer prezos irrisorios porque hai que cumprir o convenio.

Eduardo: explica que cando se fixo este modelo, o documento expresa ideas da distribución pero non o expón “en todo o seu esplendor”, xa que hai unha comisión de redes que debería de avaliar este eido. No documento traballouse só a distribución dende a produción, pero non dende a distribución: quizais hai que volver a repensar a distribución como tal. Dende o seu punto de vista falta TODA a distribución. Faltan redes, que é fundamental, e tamén a propia distribución.

Xoque: insiste en que: ten medo que a distribución quede fóra. Propón que as persoas máis interesadas nas subvencións de distribución deseñen un apartado, xa que nota que fai falta: quizais poidamos agardar uns días e poder facer aportacións antes de envialo á AGADIC.

Eduardo: insiste en que isto non se resolveu porque hai outra comisión. Onde están estes traballos? As redes son subvencións aos concellos, pero non entra dentro da convocatoria.

Belén: a comisión de redes atrancouse porque as tarefas que se repartiron non chegaron, e agora está a punto, tomouse outro camiño, está a piques de saír, pero a comisión foise difuminando. Vai haber unha análise da RGTA pero está mermada a comisión como

para sacar unha nova achega para a da Coruña. Tentarase sacar os datos canto antes. Se a comisión non funciona, apunta, quizais hai un desinterese, ou o traballo quizais non estaba ben formulado, como acontece coa comisión de igualdade.

Eduardo: non deberíamos paralizarnos por non ter datos. Podemos comezar a aportar ideas antes de ter os datos. Non bloquear a enerxía. Centrarse nos datos bloqueou un pouco quizais o avance.

Xesús: propón que se fagan achegas formais, antes desta semana. Finalmente cadramos dúas semana, ata o 1 de marzo para poder meter cambios, antes de entregalo ao AGADIC.

Belén: anuncia que imos saaltar a orde do día por unha cuestión sobrevida: o “tema CDG”. Fai unha pequena introdución: o CDG organizou unha xuntanza (na que había membros presentes) para ver a maneira de afrontar a cuestión dos elencos do CDG, e nós, como empresas, aínda que realmente non é algo que nos deba de preocupar, como fomos convocados asistimos. Porén, si se notaba unha preocupación por outras cuestións como o rumbo do CDG, e durante a xuntanza acabou tamén da posible cesión da nova produción do CDG a unha compañía privada. A reunión foi tensa por momentos, pero sacouse en positivo facer unha mesa de traballo para explorar vías e darlle rumbo/solución ao CDG para que poida explotar os seus propios espectáculos, que polo de agora ten unha limitación de 5 meses (ensaios incluídos). A directora do CDG, Fefa Noia, manifestou o seu interese en explorar a vía de ceder os espectáculos a empresas privadas para a exhibición dos mesmos. Así, ao estar presente unha das parte interesada, pedímosle a Xesús Ron que nos explique como están a situación agora mesmo. Fefa di que quer explorar esa vía pero o director da AGADIC parece que di que non, e plolo tanto Xesús nos vai explicar o seu punto de vista.

Xesús: en primeiro lugar lamenta que a mesa de traballo se acabe centrando nun tema accesorio. Para el resulta delirante que se convoque unha xuntanza para unha cousa e se derive totalmente. Cal é o problema de fondo? Xesus leva uns meses disposto a falar, tal e como se fixo coa AAAG nos meses iniciais do proxecto que agora arranca a ensaiar. Cando se lles convida a facer unha produción no CDG o que lles parecía delirante é que haxa unha xira de 2 meses e medio, e no momento en que os comezan a chamar xente

de fóra de Galicia preguntando polo espectáculo, preguntoulle a Fefa que posibilidades habería de seguir, prorrogar, ela comentou que sería moi difícil por cuestións de contratos e sobre todo por unha cuestión orzamentaria. Pero comentou que podería haber unha cesión de dereitos, non cesión do espectáculo, dos dereitos, polo tanto, cando acaba o contrato cos actores, pode haber unha cesión dos dereitos da obra, pero non e certo que “regale” un espectáculo a Chévere. Que nos parece isto? Que estamos a privatizar o diñeiro público? De fondo hai o problema de que o CDG ten problemas para facer un plan de xira, o CDN está tamén cedendo os seus espectáculos. Chévere asume completamente a culpabilidade, xa que eles manifestaron o seu interese en ter máis xira da proposta. Cando se ve que pode haber esta posibilidade seguen para adiante. Se isto non é lícito ou ético facelo, pois se hai que frear o proxecto, frearase, non hai interese real, xa que distribuír ese espectáculo é unha complicación, na realidade. Se hai algunha confusión, isto consultouse con Fefa e coa dirección do AGADIC: aparece de feito no propio catálogo de EG, e mesmo antes de metelo no catálogo, consultouse a decisión e dixeron que si. En todo momento se consultou coa dirección do CDG e presentacialmente con Jacobo Sutil, que dixo que isto que era algo que había que facer, e que dou para adiante o proxecto, afirmando que polo de agora se asinaba o contrato de produción e o de cesión, que xa se buscaría máis adiante, polo que polo de agora hai un acordo verbal. Nos non queremos que se converta no novo problema do CDG, pero por suposto é un tema que EG debe de abordar internamente. Non é que nos aproveitemos desto, e se non se da ou non se dou antes, quizais é que na realidade non ten moito futuro: pero no caso de Chévere hai si teatros que chaman, e si hai interese, para que se puidera ver en Sevilla, Barcelona, etc., Pensamos que non sería malo que unha produción do CDG puidera traspasar as barreiras. Aproveita para dicir que durante o proceso de selección, estando o xefe de persoal da consellería (que está sempre nos procesos de selección de cultura e educación, e que é o que leva o convenio), el di que o proceso de selección de persoal non existe ningunha posibilidade de que se faga doutra maneira. Xa que isto é unha convocatoria anual, debería de ser como interinidades. Non hai outra, a unica outra é que o conselleiro diga que lle parece ben outra cousa. Administrativamente non hai posibilidade. Tería que permitilo o conselleiro: a única solución é política.

Eduardo: hai que ter vontade política.

Xesús: insiste en que politicamente pode ser, administrativamente: non. Di que Fefa falou de solicitar unha excepcionalidade.

Eduardo: cre que hai que ter as cousas moi claras nas relacións coas institucións. A el parécelle que é aceptable todo sempre e cando todos poidamos participar: cando hai concorrencia, e mellor se é competitiva. Se é decidida por unha persoa, é outro camiño. Non é partidario de ceder os espectáculos a explotación privada. As cousas teñen que estar claras, o CDG ten que distribuír os seus espectáculos. É unha cesión de dereitos pero e unha cesión dun espectáculo e pode representar unha competencia desleal con respecto a outras compañías.

Xesús: pregunta se está pensando nunha convocatoria para distribuír?

Eduardo: Insiste en que segundo o seu punto de vista ten que facer el propio CDG unha distribución axeitada. O que se pretende con esta medida é que lle facilitemos mecanismos para facelo de maneira fácil. O CDG ten que distribuír os seus propios espectáculos, e por todo o mundo. Apunta que o CDN fixoo (o da cesión) e todo o sector se veu na contra. El cre que é competencia desleal. Cre que hai que ter unha certa pedagogía co AGADIC, xa que ten unha compañía propia, pero a nós trátanos como se non a tivera. A AGADIC vai dedicar 120.000 euros a producir un espectáculo de 8 actores? Pois que entenda que iso é o que custa un espectáculo de ese número de actores. Por outro lado, o AGADIC que mira e remira todo, que nos permita ser “tiquismiquis” con el e medir todo, pois parece tamén competencia desleal que poida ter no reparto actores contratados por contrato mercantil e nós non: o convenio prohibe contrato mercantil. Non é culpa da compañía pero o CDG ten que facer as cousas como as temos que facer os demais. O CDG ten que cumprir as mesmas “tiquismicadas” que facemos nos. Eles non están cumprindo o convenio. Hai actores do repartir que non están contratados. O CDG ten actores que non están contratados polo CDG. Teatro do Noroeste non pode facer ese tipo de contrato, pero o CDG si.

Quico: Quere explicar algúns pormenores: sobre o teatro público, podemos estar a favor ou en contra: aquí hai vítimas dun certo desorde e desvarío nas normas, e todo o tempo

hai que estar pensando: a ver que se lles vai ocorrer desta. O contrato mercantil pareceu unha manifestación de poder saudable: Chévere está ben colocada: e a el xéralle envexa do éxito, xa que outros non o conseguiron antes. Hai que diferenciar os sentimentos do que acontece: ese contrato eu intenteino e non o conseguín. E o que lle gustaría saber agora é saber o que é a cesión de dereitos.

Xesús: explica que a cesión de dereitos inclúe os ben materiais, etc. As cláusulas están por pechar. Todos os cargos de ensaios a partir de agora serían da compañía. A proposta é de que se se trata de que Chévere se encargue da produción. Fefa o que comentou é que quería a Chévere, non a Xesús Ron. Querían un Valle en versión Chévere: eles propuxeron o contrato.

Esther: pregunta que implicación ten a cesión, xa que o espectáculo agora: vaise vender como un espectáculo de Chévere, ou como un espectáculo do CDG? Cando cedes os dereitos a autoría segue sendo a mesma, non?

Xoque: pregunta se se sabe vai a ser unha norma a partir de agora ou é unha excepción para Chévere.

Eduardo: insiste en que cre que é malísimo que o CGD se habitúe a facer a distribución desta maneira.

Belén: insiste en que Sutil comentou alporizado que non hai nada asinado, asumindo que non sabía nada.

Xesús: cre que estaría ben ter un posicionamento, dende EG. O problema que debería preocupar non e que Chévere faga isto, senón que sempre nos movemos con estes impulsos.

Gema: di que quen incorre nun erro é o CDG, non nos: eles deciden facer isto con vos, e propoñen a Chévere e xurde o tema da xira, nós non sabemos nada.

Xesus: insiste en que foi Chévere quen propuxo esta fórmula, propuxeron para poder facer medrar a xira.

Eduardo: volve manifestarse absolutamente en contra de que o CDG ceda os seus espectáculos. Debemos presionar para que faga as súas propias xira, e non para que non o faga. O CDG leva tempo totalmente por un camiño afastado dun Centro Dramático Nacional. Ademais é competencia desleal. Ofrece diferentes facilidades a unha soa compañía, e a dedo. Enturba o mercado, as relacións das compañías entre si e co centro dramático. Se se fai unha coprodución, que tamén é un tema a debater, xa sería diferente.

Anxo: comenta que con respecto aos elencos, parece que se poden saltar as cuadraturas, o que temos que esixir que busquen o xeito tamén, polo que sexa, para que poidan distribuír eses espectáculos: buscar a fórmula.

Eduardo: Eles poden pero non teñen capacidades. E aporta que o CDG non debería de poñer os espectáculos en xira igual que o resto, porque son competencia desleal. Ten que alugar teatros e ir a taquilla, por exemplo, pero non vender espectáculos grandes a concellos por prezos irrisorios.

Belén: explica que o CDG cobra ao concellos unha cantidade. Fefa comentou que non tería problema que ir a billeteira.

Eduardo: miramos para outro lado? Votamos?

A Asamblea decide que segundo EG, o CDG debe de facer a distribución dos seus propios espectáculos, e non externalizar a ampliación da xira.

Xesús: insiste en que habería que seguir falando de todo iso noutras comisións.

1: Resumo de actividade do ano 2017 e estado das contas da asociación.

Diego e Belén resumen as actividades do 2017, apoiados cun soporte visual.

3: Proposta de modificación dos estatutos.

Fai falta cambiar os estatutos para cambiar o domicilio social, polo que se propón que, a maiores, se utilice linguaxe non sexista.

Quedan aprobadas ambos cambios por unanimidade.

4: Presentación da proposta de regulamento interno da asociación e 6: Proposta de creación dunha comisión de traballo e seguimento da Feira / Galicia Escena Pro.

Por falta de tempo, enviaranse os documentos nos que xa se está a traballar por e-mail, para que os socios poidan leros.

7: Rogos e preguntas.

Juan: formula o tema da gratuidade da escena infantil. Programacións gratuítas fan que nas funcións de pago, caia o número de espectadores totalmente. As compañías galegas están baixando porque as familias din que poden ir velo despois de balde: polo que agardan a que vaian a outros concellos veciños. Coa excusa de achegar a cultura á cidadanía, en realidade, faise o contrario: a auga, necesítamola todos, e todos a pagamos.

Belén: Nas redes, na da Deputación da Coruña, durante moito tempo se facía gratis e agora, despois de moito lutar, xa se empeza a cambiar a tendencia, xa que nas propias bases, recoméndase cobrar.

Pomba: pen moitos casos pola lei de subvencións non se pode cobrar: é un problema estrutural.

Cadaval: Pide que se envíe aos medios a carta de apoio a Carlos Santiago.

Gema: Anuncia que ven de ter unha reunión fai dúas semanas co Concelleiro de Cultura da Coruña porque o ano pasado convocaron axudas a salas (teatro e música) a 30.000 euros e non se deron a ninguén, a eles tampouco. Tiveron un problema coas licenzas, xa que tiña que poñer algo en concreto e ninguén tivo esta licenza concreta, outros non se decataron, outros faltoulles papeleo, etc. O concello quere outra vez dar esa dotación e non quere que outra vez non quede en nada. Sande fixo unha xuntanza coas salas de teatro e de música, e todo apunta a que sairá a convocatoria en breves. So quere comentalo para que se saiba que se isto vai adiante a súa sala terá máis axudas para programar e tamén di que calquera información que precise alguén que pode contactar con ela.

Eduardo: retoma o tema da comisión de redes: vaise reactivar para completar o concepto de distribución? Quere propoñer deixar de lado a cuestión dos datos e elaborar a ideoloxía e quizais esa comisión ou outra propoña que se elabore un manual de boas prácticas na distribución por parte dos concellos, programadores, AGADIC. Os manuais de boas prácticas non son obrigatorios, e no tema da distribución hai unha parte importante en como nos relacionamos co público. Como falo co público? Sei ou non sei nada dos espectadores? Boas prácticas sería que os programadores dos sitios establezan relacións cos seus públicos para que eu saiba cal é a reacción. Que collan o teléfono, que non corten as liñas en época de contratación. Tamén por parte das compañías: temos que levarnos ben. Identificar quen non cumpre o que debe cumprir e que se saiba que tal concello ou tal outro realiza tales prácticas.

Diego: quizais sería por exemplo bo para isto tamén para xuntarnos coa Asociación de xestores por exemplo.

Eduardo: saber, tamén, con que temos que “tragar” e con que non temos que “tragar”.

Xoque: di que está pendente a comisión de redes. Haina que convocar antes do 1 de marzo. A comisión de redes, en tanto en canto comisión de distribución.

Eduardo: aporta que a AGADIC ten que dar as súas decisións por escrito. Calquera decisión que tome, que a dea por escrito. Evitar o “pasillismo” e a oralidade, o teléfono. E sobre todo que reflexionen sobre o pouco número de decisións que toman, que son poucas ou ningunha. Xa se van dar conta de que non mandan nada por escrito porque non deciden anda: non avanzan nada. Escena Galega debe de redactar un escrito coa nosa postura arredor do tema CDG.

Xoque: di que ten recollidas unha serie de preocupacións e teimas, podería envialas por email. Así o fará

Rematamos os rogos e preguntas.

E daquela presentamos a Alberto Ansede, director da Fundación Manuel María, que ten a intención de sacar unha axudas para fomentar que se representen os textos teatrais de Manuel María. Mañá vaise traballar na convocatoria con Anxo e Belén

Ansedo: Agradecemento ao Teatro Galego. Presenta a súa Fundación como nova e modesta. Ten unha Casa-museo, con visitas, actividades, programación de temporada e tamén outras que teñen vocación de permanencia como un certame de videopoemas. Dentro desas actividades con vocación de permanencia, queren organizar un certame anual, pero intercalado: un ano profesional e outro afeccionado. O que se pretende é que M. Maria se comece a coñecer tamén como dramaturgo, xa que era o seu segundo xénero favorito, a pesar de que moitas das súas pezas teatrais son inéditas. Quérese facer unha edición da obra completa, das 36 obras. Sobre o certame de teatro a idea é facelo en colaboración con EG, tamén quizais coa AAAG, coa AGADIC, con quen se poñerán en acordo cando estea máis avanzado. E tamén cos Concellos, para poder facer unha proposta económica atractiva. 2000 euros para a produción e un número mínimo de 10 bolos (e ogallá 20) con outros tantos concellos que se sumen a este proxecto. O modelo de convenio está en proceso, e tratarase de formalizar o convenio. Hai un bosquexo de bases: pero quedan moitos fíos que hai que mellor analizar cos profesionais. Algúns concellos, por exemplo, xa apuntaron que hai que ter ollo cos orzamentos que despois se vaian a barallar., non vaia a ser que non se poidan asumir. Quizais os proxectos avalíen o caché que porían despois, para que se amolden un pouco, como elemento de valoración. Calendario: a idea é a de neste mes pechar máis ou menos as bases e pasalas a EG, como bosquexo porque mentres tanto hai que facer as xestións dos concellos, para cadrar exactamente o número dos mesmos. Trataríase sempre de textos dramáticos de Manuel María, o cal podería ser un problema, xa que moitos textos non están perfectamente aínda, pero poderían enviarse en PDF. En marzo, enviaríase o bosquexo, para dar a oportunidade de cambiar detalles. Data límite Setembro. A comisión avaliadora dos proxectos xuntríase en setembro e a compañía seleccionada tería 4 meses para arrancar a xira en febreiro. Daríase a autorización da obra do proxecto gañador, a poder ser en exclusiva. Obra tería que estar dispoñible para todo o 2019.

Amosa que está verdadeiramente ilusionados co proxecto, aínda sabendo que é algo duro.

Xoque di que hai que insistir no Convenio de Actores e Actrices de Galicia. Belén di que por suposto iso xa estaba nos plans.

Damos por rematada a Asemblea.